

## ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**27 de maio de 2022**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e sete de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señor@s deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste a Sra. Deputada Dona María José Pardo Pumar (PP), quen escusa a súa ausencia.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Ola. Bo día. Iniciamos a orde do día do Pleno ordinario do 27 de maio de 2022.



1.7793- **ACTAS ANTERIORES**

Sra. Presidenta.- Comentarlles que no punto 1, aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións ordinarias dos días 25 de febreiro e 29 de abril de 2022, había un erro xa que no Pleno do 29 de abril do 22, a acta do 25 de febreiro, non estaba na orde do día nin no expediente do Pleno pois non fora revisada nin asinada polo Secretario por encontrarse este de baixa e haberse incorporado nese mesmo día, polo tanto temos que corrixir neste sentido a acta do Pleno de 29 de abril que é a que hoxe se somete a votación. Polo tanto aquela votación non foi acaída e agora si que votamos esta. ¿Hai algunha observación? Polo tanto a damos por aprobada.

Acórdase por unanimidade corrixir erro padecido no borrador da acta de 29 de abril onde se somete a votación o borrador da acta de 25 de febreiro, debido a que a mesma non estaba na orde do día nin constaba no expediente do Pleno. En consecuencia, apróbanse os borradores das actas das anteriores sesións ordinarias dos días 25 de febreiro e 29 de abril de 2022.

a) Parte resolutiva:

2.7794.- **APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN ORDINARIA DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTEs. 2022035704 – 2017040163)**

Sra. Presidenta.- Pasamos á parte resolutiva. No punto 2, aprobación da prórroga do contrato para a prestación do servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación. Para explicar esta petición de prórroga ten a palabra o Sr. Agís.

Sr. Agís Gómez.- Gracias Presidenta. Bueno, pues traemos a aprobación a prórroga, da primeira prórroga do contrato de prestación de servizos de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Dende o ano 2016 estase a facer unha profunda reorganización do Servizo de Infraestruturas e viais provinciais entre o que destaca a posta en marcha da planificación e programación das actuacións. Por este motivo en lugar de contar con numerosos contratos repetitivos non suxeitos a principios de publicidade e concorrència, sen coordinación ou sen equilibrio territorial, dende o ano 2016 puxéronse en



marcha os seguintes contratos que permiten planificar e programar debidamente a conservación das estradas provinciais. Do que estamos a falar, que é o servizo de conservación ordinaria que foi aprobado no 2018, por un período de oito, de catro anos, perdón, que se prorroga no día de hoxe un ano máis, que supón para tres lotes de tres zonas delimitadas territorialmente cun importe de 2,9 millóns de euros, isto representa unha inversión nos catro primeiros anos de 11.600.000 euros, estamos a falar dunha inversión relevante, e que ten e representa un bo funcionamento no sistema dos máis de seis mil quilómetros que se levan a cabo de labores de desbroce a nivel anual, máis de 70.000 quilómetros para firmes e máis de 425 quilómetros de pintalas anualmente. Isto nos permite afirmar que este mecanismo mellora substancialmente o que estaba previsto, permite coordinar, planificar, establecer un sistema coordinado, equitativo con equilibrio territorial máis alá dos colores políticos e isto encaixa perfectamente na planificación que se leva dende o servizo. Tamén se suman a este sistema o servizo de mantemento, atención de incidencias de viabilidade invernal da rede viaria da Deputación, dividido en tres lotes, o acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación con un ano de duración prorrogable a catro, en seis zonas divididas en seis lotes, e o subministro de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de un ano de duración prorrogable a outros catro. Bueno, estamos a falar de unha planificación de un sistema reglado e coordinado de xestión dos expedientes non se genera, bueno isto permite un sistema de contratación perfectamente reglado, coordinado, funcionando cunha planificación territorial en base a criterios de equidade distributiva e o que nos permite facer, nos permite que a nosa rede este completamente solucionada, resolta, en orden, perfectamente planificada, perfectamente ordenada, e nos permite ó mesmo tempo que perfectamente se identifique cales son aqueles viales da Deputación polas súas condicións de seguridade viaria, polas súas condicións de mantemento e pola xestión que se fai das mesmas. Polo tanto, cremos que é un sistema, un sistema que debemos continuar con el. Moitas grazas.

Sra. Presidenta.- *(Non se escoita dende o tempo 00:11:04:19 ata o tempo 00:11:22:19)* ... conservación ordinaria da rede viaria da Deputación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 29 de xuño de 2018 acordou a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra, de



acordo co seguinte detalle:

Lote N°1: Zona Norte á empresa UTE Naron SL - Audeca SLU (CIF U27858661), polo seguinte importe:

Prezo sen IVE ..... 3.639.646,38 €  
IVE ..... 764.325,74 €  
Prezo total ..... 4.403.972,12 €

Lote N°2: Zona Centro á empresa UTE Civis Global SL- Aceinsa Movilidad SA (CIF U27858653), polo seguinte importe:

Prezo sen IVE ..... 2.945.151,40 €  
IVE ..... 618.481,79 €  
Prezo total ..... 3.563.633,19 €

Lote N° 3: Zona Sur á empresa Misturas Obras e Proxectos SA (CIF A32118705), polo seguinte importe:

Prezo sen IVE ..... 2.940.063,00 €  
IVE ..... 617.413,23 €  
Prezo total ..... 3.557.476,23 €

Resultando.- Que no citado acordo establécese que este contrato financiarase anualmente por un importe de 2.881.270,39 € IVE incluído. Esta cantidade distribuirase da seguinte maneira:

<b>LOTE 1</b>	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 3</b>
1.100.993,03 €	890.908,30 €	889.369,06 €

Resultando.- Que os contratos formalizáronse nas seguintes datas: Lote 1, o 06/08/2018, Lotes 2 e 3 na data 08/08/2018, establecendo un prazo de duración de CATRO (4) ANOS.

Resultando.- Que con data 14/03/2022 recibíuse no Servizo de Contratación, solicitude do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, recollendo na mesma que rematando este contrato na data 06/08/2022 e para evitar que quede



desatendida a conservación ordinaria das estradas provinciais, propónse prorrogar o contrato “Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra” polo período de un ano, ata a data 06/08/2023 estimado un gasto anual de 2.881.270,39 €, distribuídos da seguinte forma:

LOTE	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUIDO)
LOTE 1 (ZONA NORTE)	1.100.993,03 €
LOTE 2 (ZONA CENTRO)	890.908,30 €
LOTE 3 (ZONA SUR)	889.369,06 €

Resultando.- Que constan no expediente conformidades expresas dadas por representante con poder bastante da UTE Naron SL - Audeca SLU, UTE Civis Global SL- Aceinsa Movilidad S.A. e MISTURAS, S.A., da prórroga dos respectivos contratos ata o 06/08/2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor, que recolle o seguinte: “...*infórmase favorablemente a proposta, condicionado á incorporación ao expediente do certificado de existencia de crédito ou documento contable RC...*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:

LOTE	IMPORTE	APLICACIÓN	Nº OPERACIÓN
LOTE 1	542.696,56 €	22/456.4530.210.00	202200069659
LOTE 2	517.980,84 €	22/456.4530.210.00	202200069662
LOTE 3	503.086,74 €	22/456.4530.210.00	202200069670

Considerando.- Que a cláusula 1.4 do prego de cláusulas económico administrativas particulares que rexeu nesta contratación establece que o prazo de duración do contrato, será de CATRO (4) ANOS, a contar dende o día seguinte á formalización do contrato. O contrato poderá ser prorrogado por mutuo acordo das partes antes da súa finalización por un prazo máximo de dous anos.

Considerando.- Que segundo se recolle no informe o xefe dos Servizos Técnicos



do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os tres lotes, os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que lle corresponde ó Pleno actuar como órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas Bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a prórroga do contrato de “Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra” ata o 06/08/2023.
2. Autorizar o gasto por importe de 2.881.270,39 €. Este contrato financiarase da seguinte maneira:

<b>ANO</b>	<b>LOTE 1</b>	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 3</b>
<b>2022</b>	542.696,56 €	517.980,84 €	503.086,74 €
<b>2023</b>	558.296,47 €	372.927,46 €	386.282,31 €
<b>TOTAL</b>	1.100.993,03 €	890.908,30 €	889.369,06 €

As cantidades correspondentes ó ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.210.00. As cantidades correspondentes ó ano 2023 quedarán condicionadas á aprobación do orzamento do ano 2023 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.



3.7795.- **APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN (EXPTEs. 2022035707 – 2018058000)**

Sra. Presidenta.- Pasamos o punto 3. Aprobación da primeira prórroga do contrato para a prestación de servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación. Ten a palabra para explicalo o Sr. López Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Bo día a todas e todos. Precisamente para explicar brevemente, recordar que en el Pleno de 28 de febrero de 2020 se adjudicó el contrato de limpieza en los diferentes centros de la Diputación, por el plazo de dos años contados a partir del día 1 de junio del 2020 y con posibilidad de tres prórrogas de un año de duración cadauna. Este contrato se dividía en cinco lotes: Lote 1, Servicios centrales; Lote 2, Turismo Rías Baixas; Lote 3, Museo de Pontevedra; Lote 4, Oral; Lote 5, Centro Príncipe Felipe. Resultaron adjudicatarias de los lotes 1, 3 y 4 la empresa Limpiezas Cíes y de los lotes 2 y 5 la empresa Eulen. En ambos casos los trabajos realizados han sido satisfactorios según se informa por las jefaturas de los servicios de Contratación para el lote 1, de Turismo para el lote 2, de Museo para el lote 3, de Oral para el lote 4 y de Centro Príncipe Felipe para lote 5. Además consta en el expediente informe favorable conjunto de Secretaría, Intervención y Contratación a la propuesta de la prórroga. Finalmente, por todo ello, lo que se propone es la prórroga, se prorroga por el mismo período anual, adjudicación desde 1 de junio de 2022 a 31 de mayo de 2023, el valor de la prórroga para el conjunto de los 5 lotes es de 2.327.596,80 céntimos, que desagregado por años corresponde 1.357.764,80 euros, de junio a diciembre de este año, a lo que hay que sumar 969.832 euros que es el período de enero a 31 de mayo de 2023. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sometemos polo tanto, non habendo máis intervencións. Aprobación da primeira prórroga do contrato para prestación do servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Por medio do acordo 5.7413, o Pleno provincial acordou a adxudicación por lotes do contrato para a prestación do *Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra* ás seguintes empresas e polos seguintes importes ofertados para 2 anos de contrato:



- Lote 1. Servizos Centrais: Limpiezas Cíes, S.L. (B 36631935)

PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (SEN IVE)	1.100.000,00€
IVE (21%)	231.000,00€
PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (IVE ENGADIDO)	1.331.000,00€

- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas: Eulen, S.A. (A 28517308)

PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (SEN IVE)	197.167,57€
IVE (21%)	41.405,19€
PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (IVE ENGADIDO)	238.572,76€

- Lote 3. Museo de Pontevedra: Limpiezas Cíes, S.L. (B 36631935)

PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (SEN IVE)	240.000,00€
IVE (21%)	50.400,00€
PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (IVE ENGADIDO)	290.400,00€

- Lote 4. ORAL: Limpiezas Cíes, S.L. (B 36631935)

PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (SEN IVE)	177.600,00€
IVE (21%)	37.296,00€
PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (IVE ENGADIDO)	214.896,00€

- Lote 5. Centro Príncipe Felipe: Eulen, S.A. (A 28517308)

PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (SEN IVE)	1.032.500,00€
IVE (21%)	216.825,00€
PREZO OFERTADO A TANTO ALZADO PARA 2 ANOS DE CONTRATO (IVE ENGADIDO)	1.249.325,00€

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documento administrativo de data 29 de maio de 2020 e o prazo de duración de cada un é de dous anos





desde a súa formalización, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas.

Con data 9 de maio de 2022 o Xefe de Servizo de Contratación (en calidade de responsable do Lote 1 do contrato) en informe conxunto coa Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas (responsable do Lote 2), coa Xefa do Servizo do Museo (responsable do Lote 3), coa Xefa de Xestión dos Servizos do ORAL (responsable do Lote 4) e coa Xefa Administrativa do Centro Príncipe Felipe (responsable do Lote 5), emiten informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga do contrato en data 7 de febreiro de 2022, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do Secretario Xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, Secretaría Xeral e a Intervención (CSV NVTWUA343YTKDFQE) de data 13 de maio de 2022, que conclúe o seguinte:

En atención ao exposto e, destacadamente, do informe das persoas responsables dos lotes do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por unha anualidade, desde o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de maio de 2023, condicionando a mesma á incorporación ao expediente do certificado de existencia de crédito ou documento contable RC.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno provincial.

O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 29 de maio de 2022.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ó Pleno para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga dos Lotes 1, 2, 3, 4 e 5 do contrato para a prestación do “*Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” subscrito coas seguintes empresas:

- Lote 1. Servizos Centrais: Limpiezas Cíes, S.L. (B 36631935).
- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas: Eulen, S.A. (A 28517308).
- Lote 3. Museo de Pontevedra: Limpiezas Cíes, S.L. (B 36631935).
- Lote 4. ORAL: Limpiezas Cíes, S.L. (B 36631935).
- Lote 5. Centro Príncipe Felipe: Eulen, S.A. (A 28517308).

durante o período que vai desde o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de maio de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto, para toda a duración da prórroga do contrato é de 2.327.596,8€ (IVE engadido) que se financiarán conforme ao seguinte:



			Importe para o ano 2022 (01/01-31/12/2022)			Importe para o ano 2022 (01/01-31/05/2023)		
	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE ADXUDICACION MENSUAL	Base Imponible	IVE	Importe 2022 (IVE engadido)	Base Imponible	IVE	Importe 2023 (IVE engadido)
	PAZO PROVINCIAL	12.570,08€	87.990,56€	18.478,02€	106.768,58€	62.850,40€	13.198,58€	76.013,98€
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO	6.119,74€	42.838,18€	8.996,02€	51.834,20€	30.398,70€	6.425,73€	37.024,43€
	SEDE VIGO	2.791,81€	19.542,67€	4.103,36€	23.645,63€	13.959,05€	2.931,40€	16.890,45€
	EF AREIRO	413.4123,227.00	5.471,73€	38.302,46€	8.043,52€	46.345,98€	27.358,90€	5.745,37€
	ESCOLA CANTERIA	324.3243,227.00	2.107,53€	14.753,06€	3.098,14€	17.851,20€	2.212,96€	12.750,86€
	EDIFICIO APFROS SOUTOMAIOR	410.4100,227.00	1.628,59€	11.400,13€	2.394,03€	13.794,16€	8.142,95€	1.710,02€
LOTE 1	IMPRESA PROVINCIAL	921.9210,227.00	1.315,38€	9.207,66€	1.933,51€	11.141,27€	6.576,90€	1.381,15€
	SERVIZO MOBILIDADE	456.4530,227.00	2.621,92€	18.353,44€	3.854,22€	22.207,66€	13.109,60€	2.753,02€
	SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	923.1523,227.00	734,64€	5.142,48€	1.079,92€	6.222,40€	3.673,20€	771,37€
	SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTAL C	332.3322,227.00	3.582,53€	25.077,71€	5.266,32€	30.344,03€	17.012,65€	3.761,66€
	FINCA MOURISCADÉ	411.4120,227.00	2.334,75€	16.343,25€	3.432,08€	19.775,33€	11.673,75€	2.451,49€
	VIVEROS EMPRESAS CSAE	942.4330,227.00	3.898,98€	27.257,86€	5.724,15€	32.982,01€	19.469,90€	4.088,68€
	942.4331,227.00	660,55€	4.629,85€	971,01€	5.594,86€	3.302,75€	693,58€	3.996,33€
	PALACETE DAS MENDOZA	433.4320,227.00	4.410,14€	30.870,98€	6.482,91€	37.353,89€	22.050,70€	4.630,65€
LOTE 2	QUIT ARMENTEIRA	60,94€	420,58€	89,58€	516,16€	304,70€	63,99€	368,69€
	PIT PEINADOR	64,09€	448,63€	94,21€	542,84€	320,45€	67,29€	387,74€
	CASTELO SOUTOMAIOR	433.3360,227.00	3.680,15€	25.761,05€	5.409,82€	31.170,87€	18.400,75€	3.864,15€
LOTE 3	MUSEO DE PONTEVEDRA	333.3330,227.00	10.000,00€	70.000,00€	14.700,00€	84.700,00€	50.000,00€	10.500,00€
	SERVIZOS CENTRAIS		3.879,71€	27.157,97€	5.703,17€	32.861,14€	19.398,55€	4.073,70€
LOTE 4	ORAL OFICINAS PERIFERICAS	932.9320,227.00	3.520,29€	24.642,03€	5.174,83€	29.815,86€	17.501,45€	3.696,30€
	ORAL		3.520,29€	24.642,03€	5.174,83€	29.815,86€	17.501,45€	3.696,30€
LOTE 5	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312,227.00	43.020,83€	301.145,81€	63.240,62€	364.386,43€	215.104,15€	45.171,67€
			1.122.196,67€	235.645,13€	1.357.764,30€	801.544,05€	168.317,95€	969.832,00€

4.7796.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO ANO 2022 (Exptes. 2022035720 – 2022003948)**

Sra. Presidenta.- Pasamos o punto 4 da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación da relación de postos de traballo de persoal funcionario do ano 22. Ten a palabra para a súa explicación o Sr. Font.

Sr. López Font.- Tamén moi brevemente, propoñemos ó Pleno a aprobación de una modificación puntual da RPT. Para realizar adaptacións que non se poidan demorar ata o próximo exercicio orzamentario por necesidades de servizo que foron debidamente acreditadas polos técnicos e técnicas así como para dar cumprimento a unha sentenza xudicial que declarou unha indefinida non fixa a



unha persoa que gozou dunha bolsa de investigación na Estación Fitopatolóxica de Areeiro e que acadou firmeza. Tamén se producen algunhas transformacións de postos de traballo de persoal administrativo do Oral, que estaban vacantes ou non cubertos de forma definitiva e que con esta modificación se transforman de postos de persoal laboral a postos de funcionario, de xeito que todas as prazas posibles sexan de persoal funcionario de carreira en consonancia co proceso de funcionarización iniciado no 2018 e rematado no 2021. Os cambios foron negociados na mesa xeral de negociación nas reunións celebradas nos días 6 abril 2022 e 26 de abril de 2022, os gastos asociados fináncianse co aforro dos postos vacantes de xeito que non supoña un incremento do capítulo 1 de gastos de persoal do orzamento 2022. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non habendo tampouco máis intervencións sometemos a votación a aprobación inicial do expediente de modificación da relación de postos de traballo do persoal funcionario do ano 22. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 16 votos a favor e 11 en contra ¿están os 11 verdá? Non, hai 10, 10 abstencións, perdón, 16 a favor e 10 abstencións.

Por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 17 de decembro de 2022, apróbase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2022, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo.

Resultando que con data 7 de abril de 2022 o deputado delegado de Persoal propón unha modificación da relación de postos de traballo de persoal funcionario por necesidades dos servizos e a fin de mellorar a estrutura de organización e funcionamento de determinadas áreas, Centros e Servizos.

Ditos cambios concréntanse a continuación:

- a) Creación de dúas prazas de enxeñeiro/a de camiños, do grupo A1, sobre outras do grupo A2, unha de enxeñeiro/a técnico/a e outra de técnico de proxectos, asociadas a postos de traballo de xefatura de sección de Seguridade Viaria e xefatura de Sección de Proxectos, con dedicación, pola responsabilidade das funcións que se están asumindo no desempeño dos postos de traballo, a súa complexidade e o exercicio das competencias



profesionais que require o Servizo, dotándoo dunha nova xerarquía na organización do traballo.

O posto de xefatura de Sección de Seguridade Viaria, ademais da conservación e explotación, encargárase deste tipo de cometidos, xa que os cambios normativos, as tarefas de implantación cero de accidentes na estratexia 2030, os informes de seguridade viaria, as auditorías, etc., xustifican a súa reconversión.

O posto de xefatura de Sección de Proxectos encargárase da dirección de obras, supervisión de certificacións e asesoramento técnico a Concellos en plans e subvencións que está a lanzar este Servizo.

- b) Transformación do posto de traballo de arquitecto/a adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais nun posto de traballo de xefatura de Sección de Proxectos, con dedicación, por necesidades do servizo e para que se encargue dos proxectos de recuperación de espazos públicos asociados ás estradas provinciais e da posta en valor do patrimonio e os espazos naturais atravesados por elas, ademais das que correspondan por dirección de obras, supervisión de proxectos, etc.
- c) Asignación dentro do complemento específico do factor dedicación ao posto de traballo de técnico de administración xeral adscrito a Secretaría. Tanto o Secretario coma o Vicesecretario da Deputación xustifican a singularización e consecuente adecuación retributiva deste posto, xa que na práctica diaria a persoa que o ocupa emite un inxente volume de informes en materia de contratación e convenios de todo tipo (cando sexan preceptivos), ordenanzas e regulamentos; delegacións de competencias doutros concellos; bases de subvencións; cesións de bens; etc., revelando a especial dificultade técnica (polo seu obxecto), dedicación (polo seu extraordinario volume) e responsabilidade (pola transcendencia económica en moitas ocasións). Así pois, indícase que estas tarefas superan, con moito, as predicables dun posto base, especialmente nun servizo tan xeneralista e transversal como Secretaría e sen ningún outro técnico de administración xeral asignado. Fan constar, ademais, que tales funcións non casan coas asignacións complementarias que constan na RPT, e por contraste con outros postos de iguais, ou incluso menores, grados de dedicación, dificultade e responsabilidade. En coherencia



proponse unha denominación máis acorde, de técnico/a de apoio á Secretaría.

- d) Asignación dentro do complemento específico do factor dedicación ao posto de traballo de adxunta á xefatura de Servizo de Fiscalización en materia de persoal, pola complexidade das funcións a desenvolver, a dispoñibilidade e dedicación no desempeño do posto, ao ter que fiscalizar todos os expedientes de persoal, que afectan non só á xestión das nóminas mensuais, senón tamén a todos os procedementos que tramita o Servizo de Recursos Humanos e Formación e que afectan ao cadro de persoal e relación de postos de traballo. O volume de tarefas a desenvolver, os curtos prazo de tempo para informar e a urxencia habitual dos trámites a realizar, obrigan a ter que desenvolver unha parte da súa actividade fóra da xornada laboral establecida, o que xustifica o cambio proposto co fin de adecuar o importe do complemento específico do posto ás características particulares do seu desempeño. Esta modificación compénsase economicamente coa supresión do factor dedicación no posto de traballo de xefatura de negociado de ingresos, nivel 22, vacante por xubilación do titular, que se transforma nun posto de administrativo nivel 20 sen o factor dedicación.
- e) Asignación do factor dedicación a un posto de traballo de técnico/a medio de xestión tributaria do Servizo de Coordinación, pola singularización e complexidade das funcións que ten asignadas no Servizo de Coordinación, a dispoñibilidade, volume de tarefas a desenvolver, os curtos prazos de tempo para informar e xestionar as peticións dos Concellos que son obxecto de medición pola dirección e a urxencia habitual dos trámites a realizar, que obrigan a ter que atender parte da súa actividade fóra da xornada laboral, o que xustifica o cambio proposto co fin de adecuar o complemento específico ás características particulares do seu desempeño. Ademais de relacionar as funcións que se lle encomendan destaca as que derivan dun triplo eixe aliñado cos obxectivos sinalados polo deputado delegado á dirección de xestión dos servizos do Oral, que son mellora da transparencia, mellora da colaboración cos entes delegantes e control e seguimento do obxectivo de mellora da eficacia e eficiencia na xestión.
- f) Creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, do grupo C1, con posto de traballo de administrativo nivel 20, con destino ao Servizo de Contratación, ao non completarse a operación de restitución ao estado inicial



da praza non reclasificada que quedou deserta tras a finalización do correspondente proceso selectivo, aprobada no orzamento provincial do ano 2022.

- g) Creación dunha praza de auxiliar de laboratorio, do grupo C2, con posto de traballo de igual denominación, con destino á Finca Mouriscade adscrita ao Servizo de Medio ambiente, pola insuficiente dotación de persoal, ante o volume de traballo existente na zona de preparación de mostras, especialmente as de ensilado e forraxe, que reciben un tratamento especial, e co fin de poder ofrecer un servizo áxil e de calidade aos usuarios do Laboratorio.
- h) Amortización dunha praza de técnico auxiliar de protocolo, do grupo C1, con posto de traballo de xefatura de Conserxería adscrito a Secretaría Xeral, por haberse levado a cabo unha redistribución de funcións nesta unidade.

Resultando que na Mesa de Negociación, celebrada o 06/04/2022, expóñense os cambios propostos na RPT de persoal funcionario.

Resultando que nesta reunión os representantes sindicais manifestan que non están de acordo coa proposta da Administración e fan un pronunciamento conxunto, da Xunta de Persoal, no que explican que esta modificación resulta inadmisíbel e agrava as diferencias e que, por iso, insisten na necesidade de elaborar unha nova RPT, declaración á que se suma a representante do CSIF.

Resultando que en data 25/04/2022, o Servizo de RRHH propón unha ampliación da modificación do cadro de persoal e da RPT de persoal funcionario e laboral fixo polas seguintes razóns:

- a) A notificación nesa mesma data do auto do Tribunal Supremo, que declara firme a sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29/01/2021, pola que se declara nulo o despido de D. David Crespo Pardo, adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areiro en virtude dunha bolsa de práctica formativa adxudicada con efectos do 01/04/2017. Así mesmo, por auto do Tribunal Supremo, do 21/12/2021, xa se declarara a firmeza da sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra (ratificada por sentenza do TSX de Galicia do 18/11/2020), na que se estimaba a demanda interposta



pola TGSS contra a Deputación Provincial, e na que foi parte dito bolseiro, declarándose a natureza laboral da relación xurídica.

Ditas resolucións obrigan á Deputación á creación dun posto de traballo de técnico/a de artrópodos, equivalente a un grupo A1, adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, ao que se lle asignarán as funcións que determine o Servizo.

- b) A xubilación de dúas persoas administrativas laborais fixas do Servizo Oral, unha a finais do mes de decembro e outra a principios do mes de maio de 2021, cuxos postos, ao quedar vacantes, se poderían transformar en prazas de persoal funcionario, por ter atribuídas funcións que están reservadas a este tipo de persoal.

Resultando que por tal motivo, en data 26/04/2022 convócase novamente á Mesa de Negociación para tratar a ampliación da proposta do deputado delegado de persoal, de modificación do cadro de persoal funcionario e laboral fixo, na cal se engaden os seguintes:

- a) Amortización dunha praza de técnico/a de pragas, do grupo A1, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao Servizo da Estación Fitopatolóxica de Areeiro, co fin de crear un posto de traballo laboral fixo de técnico/a de artrópodos, con grupo de clasificación equivalente ao grupo A1, cunha retribución anual de 32.088,12 € (segundo importe recoñecido por sentenza) e destino no mesmo Centro, co fin de poder adscribir ao mesmo a unha persoa cuxo despido foi declarado nulo por sentenza da Sala do Social do TSJ de Galicia do 29/01/2021, declarada firme por auto do Tribunal Supremo de 30/03/2022, e en tanto non se cubra o posto mediante convocatoria pública e a través do procedemento previsto regulamentariamente para o acceso ao emprego público.
- b) Transformación de dous postos de persoal laboral fixo, de administrativo/a adscritos ao Servizo Oral, que quedaron vacantes pola xubilación dos seus titulares, en dúas prazas de persoal funcionario, de administrativo/a rama tributaria, grupo C1, con posto de traballo de igual denominación, de nivel 20 de complemento de destino, por afectar a postos que, segundo o artigo 22.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, teñen funcións reservadas a persoal funcionario.





Resultando que na Mesa Xeral de Negociación, celebrada o 28/04/2022, a representación sindical mostra a súa conformidade coa ampliación da proposta e solicitan que tamén se inclúa a transformación doutros tres postos de administrativos/as ocupados por persoal laboral interino e ofertados no ano 2022.

Resultando que finalmente, analizada esta última proposta, de funcionarización de tres postos do Servizo ORAL, propónse transformar ditos postos de traballo de persoal laboral fixo, de administrativo/a (ocupadas por persoal laboral interino), en tres prazas de persoal funcionario, de administrativo/a rama tributaria, do grupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito a este Servizo, por ter atribuídas funcións que están reservadas a persoal funcionario, asignándoselles a mesma retribución en cómputo anual. Neste caso séguese un procedemento similar ao previsto na disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Resultando que estes incrementos de gasto fináncianse con cargo ás economías dos postos de traballo que se atopan vacantes.

Resultando que con data 04/05/2022 a xefa do Servizo de RRHH e Formación, coa conformidade do Secretario, informa favorablemente a proposta do Deputado Delegado da Área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL para modificar a relación de postos de traballo de persoal funcionario do ano 2022.

Resultando que con data 05/05/2022, Intervención informa favorablemente todas as propostas fiscalizadas, agás a proposta de asignación do factor dedicación ao posto de técnico medio de xestión tributaria adscrito ao ORAL, que informa desfavorablemente.

Resultando que con data 11/05/2022 a xefa do Servizo de RRHH e Formación, coa conformidade do Secretario, emite informe complementario no que se fai constar que tras producirse unha omisión na proposta de modificación da RPT do persoal adscrito ó Servizo ORAL, que figura no informe do Servizo de RRHH e Formación de data 04/05/2022, procédese á súa rectificación incluíndo a asignación do factor dedicación a un posto de traballo de técnico/a medio de xestión tributaria do Servizo de Coordinación.



Resultando que con data 11/05/2022 a Directora de Xestión dos Servizos do Oral emite informe de discrepancia co informe desfavorable de fiscalización de Intervención, sobre a proposta de asignación do factor dedicación ao posto de técnico medio de xestión tributaria adscrito ao ORAL.

Resultando que en data 13/05/2022 Intervención reitera o recollido no informe emitido en data 05/05/2022, informando desfavorablemente a proposta de asignación do factor dedicación ao posto de técnico medio de xestión tributaria adscrito ao ORAL.

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que así mesmo, os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que a modificación das relacións de postos de traballo de persoal funcionario que se propoñen fundaméntase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, nas necesidades dos Servizos e na mellora da súa estrutura de organización e funcionamento, así como na execución da resolución xudicial.

Considerando que en base ao regulado no artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia, sobre o persoal laboral indefinido, as relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non puidese ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo



deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, a contar a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.

Considerando que precisa, ademais, que os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, salvo que se dispoña a súa amortización. Así, unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

Considerando que conforme ó previsto no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.

Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, precisa que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva.

Considerando que non obstante o anterior, e a efectos de reclamacións deberá terse en conta que o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do Emprego Público de Galicia, fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Polo exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP, modificar a



relación de postos de traballo de persoal funcionario co obxecto de introducir os cambios que a continuación se sinalan:

1. Crear dúas prazas de enxeñeiro/a de camiños, do grupo A1, sobre outras do grupo A2, unha de enxeñeiro/a técnico/a e outra de técnico/a de proxectos, asociadas aos postos de traballo de xefatura de sección de Seguridade Viaria e xefatura de Sección de Proxectos (nivel 26), con dedicación, e pola responsabilidade das funcións que se están asumindo no desempeño dos postos de traballo, a súa complexidade e o exercicio das competencias profesionais que require o Servizo.
2. Transformar o posto de traballo de arquitecto/a adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais nun posto de traballo de xefatura de Sección de Proxectos (nivel 26), co factor dedicación dentro do complemento específico, por necesidades do servizo e para que se encargue dos proxectos de recuperación de espazos públicos asociados ás estradas provinciais e poñer en valor o patrimonio e os espazos naturais atravesados por elas, ademais das que correspondan por dirección de obras, supervisión de proxectos, etc.
3. Cambiar a denominación do posto de traballo de técnico/a de administración xeral adscrito a Secretaría Xeral, pola de técnico/a de apoio á Secretaría, e asígnaselle o factor dedicación dentro do complemento específico, dada a singularización das súas funcións, o inxente volume de informes e o grao de responsabilidade e dificultade que conleva o desempeño do posto.
4. Asignar o factor dedicación dentro do complemento específico ao posto de traballo de adxunto/a á xefatura de fiscalización en materia de persoal, adscrito a Intervención, pola singularización das súas funcións, o inxente volume de informes e o grao de responsabilidade e dificultade inherente ao desempeño do posto.
5. Asignar o factor dedicación a un posto de traballo de técnico/a medio de xestión tributaria do Servizo de Coordinación, pola singularización e complexidade das funcións que ten asignadas no Servizo de Coordinación, a dispoñibilidade, e volume de tarefas a desenvolver.



6. Crear unha praza de administrativo/a de admón. xeral, do grupo C1, con posto de traballo de administrativo nivel 20, con destino ao Servizo de Contratación, co fin de completar a operación de restitución ao estado inicial da praza non reclasificada, que quedou deserta tras a finalización do correspondente proceso selectivo, aprobada no orzamento provincial do ano 2022.
7. Crear unha praza de auxiliar de laboratorio, do grupo C2, nivel 17, con posto de traballo de igual denominación, con destino á Finca Mouriscade e adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, pola insuficiente dotación de persoal, ante o volume de traballo existente na zona de preparación de mostras, especialmente as de ensilado e forraxe, e co fin de poder ofrecer un servizo áxil e de calidade aos usuarios do Laboratorio.
8. Amortizar unha praza de técnico auxiliar de protocolo, do grupo C1, con posto de traballo de xefatura de Conserxería adscrito a Secretaría Xeral, con nivel 21 de complemento de destino e factor dedicación dentro do complemento específico, por haberse levado a cabo unha redistribución de funcións nesta unidade.
9. Amortizar unha praza de técnico/a de pragas, do grupo A1, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao Servizo da Estación Fitopatolóxica de Areiro, con fin de crear un posto de traballo laboral fixo de técnico/a de artrópodos, con grupo de clasificación equivalente ao A1, retribución anual de 32.088,12 € (segundo importe recoñecido por sentenza) e destino no mesmo Centro, co fin de poder adscribir ao mesmo a unha persoa cuxo despido foi declarado nulo por sentenza da Sala do Social do TSJ de Galicia do 29/01/2021, declarada firme por auto do Tribunal Supremo de 30/03/2022, e en tanto non se cubra o posto mediante convocatoria pública e a través do procedemento previsto regulamentariamente para o acceso ao emprego público.
10. Transformar dous postos de persoal laboral fixo, de administrativo/a adscritos ao Servizo Oral, que quedaron vacantes pola xubilación dos seus titulares, en dúas prazas de persoal funcionario, de administrativo/a rama tributaria, grupo C1, con posto de traballo de igual denominación, de nivel 20 de complemento de destino, por afectar a postos que teñen funcións reservadas a persoal funcionario.



11. Transformar tres postos de traballo de persoal laboral fixo, de administrativo/a (ocupadas por persoal laboral interino), en tres prazas de persoal funcionario, de administrativo/a rama tributaria, do grupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito a este Servizo, por afectar a postos que teñen funcións reservadas a persoal funcionario.

Este expediente de modificación da relación de postos de traballo de persoal funcionario, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudadas, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de modificación da relación de postos de traballo de persoal funcionario do ano 2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

5.7797.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 29 DE V ACORDO REGULADOR PARA PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN (EXPTEs. 2022035722 – 2022033134)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao punto quinto. Aprobación inicial do expediente de modificación do artigo 29 do V Acordo Regulador para persoal funcionario da Deputación. Non hai observacións, someto a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 16 votos a favor e 10 abstencións.

Por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 25/01/2006, apróbase o V Acordo Regulador para persoal funcionario, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 26 de data 07/02/2006.



Resultando que o artigo 29 do referido acordo, relativo aos traballos de superior categoría, dispón:

*“En caso de urxente e extrema necesidade, a Presidencia da Deputación adscribirá ós funcionarios a postos de traballo de superior categoría profesional, polo tempo mínimo imprescindible, seguindo o procedemento establecido na mesa xeral de negociación, e que se recolle como anexo II.*

*O funcionario que desempeñe un posto de traballo de superior categoría percibirá as retribucións complementarias que teña asinadas ese posto de traballo.”*

Resultando que co obxecto de modificar o procedemento a seguir para levar a cabo este tipo de adscricións, propónse unha modificación do referido artigo, a fin de suprimir a referencia ao procedemento descrito no anexo II, para quedar redactado da seguinte forma:

*“En caso de urxente e extrema necesidade, a Presidencia da Deputación adscribirá ao persoal funcionario a postos de traballo de superior categoría profesional, polo tempo mínimo imprescindible, seguindo o procedemento que se estableza na mesa xeral de negociación.*

*O funcionario que desempeñe un posto de traballo de superior categoría percibirá as retribucións complementarias que teña asinadas ese posto de traballo.”*

Resultando que dado que a aprobación das bases reguladoras deste tipo de procedementos é competencia da Presidencia da Corporación Provincial, cámbiase a redacción co propósito de negociar cos representantes de persoal uns novos criterios de valoración para así poder adecuar os méritos ao perfil do posto de traballo a desempeñar.

Resultando que na Mesa de Negociación, celebrada o 14/03/2022 expóñense os cambios propostos no V Acordo Regulador para persoal funcionario da Deputación de Pontevedra, e todos os representantes sindicais manifestan a súa conformidade coa proposta da Administración.

Considerando que o artigo 95 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que a participación dos funcionarios, a través das súas organizacións sindicais na determinación das condicións de emprego, será a establecida con carácter xeral para todas as administracións no Estatuto Básico da función pública.



Considerando que o artigo 31 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), sinala que os empregados públicos teñen dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional para a determinación das súas condicións de traballo. Por negociación colectiva, ós efectos desta lei, enténdese o dereito a negociar a determinación das condicións de traballo dos empregados da Administración Pública.

Considerando que a negociación colectiva das condicións de traballo estará suxeita ós principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c e 7.1 da Lei 2063/1985 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

Considerando que conforme ao previsto no artigo 37.1 c) do TRLEBEP serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación dos recursos humanos.

Considerando que neste sentido o artigo 38 do TREBEP permite que no seo das Mesas de Negociación correspondentes, os representantes das Administracións Públicas poidan concertar Pactos e Acordos coa representación das organizacións sindicais lexitimadas a tales efectos, para a determinación das condicións de traballo dos funcionarios das devanditas Administracións.

Considerando que a aprobación destes pactos ou acordos corresponde ó Pleno da Corporación Provincial en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 33.2 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 70.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, e en canto que a xurisprudencia recoñece ós Pactos e Acordos natureza regulamentaria, por ter vocación ordenadora de situacións futuras desde unha previsión abstracta e xeral (STS do 14 de abril de 2000).





Considerando que para a aprobación desta modificación do V Acordo Regulador seguirase o procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril, é dicir aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para reclamacións e suxestións, de tal forma que se non se formula ningunha reclamación ou suxestión, enténdese aprobado definitivamente o acordo ata entón provisional.

Polo exposto, considerando o informe do Servizo de RRHH e Formación, a conformidade de Intervención e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP, a modificación do artigo 29 do V Acordo Regulador de persoal funcionario, que quedará redactado tal e como a continuación se detalla:

*“En caso de urxente e extrema necesidade, a Presidencia da Deputación adscribirá ao persoal funcionario a postos de traballo de superior categoría profesional, polo tempo mínimo imprescindible, seguindo o procedemento que se estableza na mesa xeral de negociación.*

*O funcionario que desempeñe un posto de traballo de superior categoría percibirá as retribucións complementarias que teña asinadas ese posto de traballo.”*

6.7798.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 42 DO I CONVENIO COLECTIVO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN (EXPTEs. 2022035723 -2022033134)**

Sra. Presidenta.- No punto sexto da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación do artigo 42 do I Convenio colectivo de persoal laboral da Deputación. ¿Algunha observación? Non hai, someto a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 25/01/2006, apróbase o I Convenio Colectivo de persoal laboral da Deputación de Pontevedra, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 26 de data 07/02/2006.

Resultando que o artigo 42 do referido convenio, relativo á antigüidade, dispón:



*A antigüidade devengarase por trienios segundo o importe aplicable ó persoal funcionario do grupo de titulación equivalente ó grupo profesional do persoal laboral, quedando exceptuados aqueles traballadores que por dereitos adquiridos teñan recoñecida outra antigüidade.*

*O trienio consiste nunha cantidade igual para cada grupo profesional por cada tres anos de servizos nesta Deputación Provincial nunha determinada categoría profesional.*

*Se un traballador presta servizos sucesivamente en categorías de distintos grupos de clasificación, terá dereito a seguir percibindo os trienios devengados nos grupos anteriores.*

*Cando un traballador cambia de grupo profesional antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerárase como tempo de servizos prestados no novo grupo.*

*A antigüidade compútase desde o último contrato de traballo; non obstante, os servizos prestados anteriormente nesta Deputación en réxime de contratación laboral temporal ou eventual ou como funcionario interino serán recoñecidos para efectos do cómputo, retrotraéndose a antigüidade á data que corresponda.*

*A antigüidade aboaráselle ó persoal laboral fixo ou cun contrato laboral indefinido, así como a aqueles traballadores que presten servizos nesta Deputación durante máis de tres anos de forma ininterrompida.*

*O mesmo que ocorre co persoal funcionario, para efectos económicos o recoñecemento de servizos previos opera desde que se consolida o posto de traballo como persoal laboral fixo.*

Resultando que en data 05/11/2021 os representantes dos sindicatos de CCOO, UGT e CIG solicitan que se efectúen as adaptacións necesarias do Convenio Colectivo para recoñecer ao persoal laboral a antigüidade polos servizos prestados noutras Administracións Públicas.

Resultando que co obxecto de equiparar a regulación do recoñecemento da antigüidade do persoal laboral á establecida para o persoal funcionario, propónse unha modificación do artigo 42 do Convenio Colectivo de persoal laboral, para quedar redactado como segue:

*A antigüidade devengarase por trienios segundo o importe aplicable ó persoal funcionario do grupo de titulación equivalente ó grupo profesional do persoal laboral, quedando exceptuados aqueles traballadores que por dereitos adquiridos teñan recoñecida outra antigüidade.*

*O trienio consiste nunha cantidade igual para cada grupo profesional por cada tres anos de servizos nesta Deputación Provincial nunha determinada categoría profesional.*



*Se un traballador presta servizos sucesivamente en categorías de distintos grupos de clasificación, terá dereito a seguir percibindo os trienios devengados nos grupos anteriores.*

*Cando un traballador cambia de grupo profesional antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerarase como tempo de servizos prestados no novo grupo.*

Aos efectos de perfeccionamento de trienios, computaranse todos os servizos prestados polo persoal laboral en calquera das Administracións públicas.

Ningún período poderá ser computado máis dunha vez aínda cando durante o mesmo a persoa traballadora houberse prestado servizos simultáneos nunha ou máis esferas da mesma Administración ou en Administracións públicas diferentes.

Calquera período de tempo de servizos que fose tido en consideración para determinar pensión de calquera natureza non pode ser novamente recoñecido a estes efectos.

O recoñecemento de servizos prestados producirá efectos a partir do mes seguinte ao da presentación da solicitude na sede electrónica da Deputación Provincial.

Resultando que na Mesa de Negociación, celebrada o 14/03/2022 expóñense os cambios propostos no I Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Deputación de Pontevedra, e todos os representantes sindicais manifestan a súa conformidade coa proposta da Administración.

Considerando que o artigo 95 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que a participación dos funcionarios, a través das súas organizacións sindicais na determinación das condicións de emprego, será a establecida con carácter xeral para todas as administracións no Estatuto Básico da función pública.

Considerando que o artigo 31 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), sinala que os empregados públicos teñen dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional para a determinación das súas condicións de traballo. Por negociación colectiva, ós



efectos desta lei, enténdese o dereito a negociar a determinación das condicións de traballo dos empregados da Administración Pública.

Considerando que a negociación colectiva das condicións de traballo estará suxeita ós principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c e 7.1 da Lei 2063/1985 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

Considerando que conforme ao previsto no artigo 37.1 c) do TRLEBEP serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación dos recursos humanos.

Considerando que neste sentido o artigo 38 do TREBEP permite que no seo das Mesas de Negociación correspondentes, os representantes das Administracións Públicas poidan concertar Pactos e Acordos coa representación das organizacións sindicais lexitimadas a tales efectos, para a determinación das condicións de traballo dos funcionarios das devanditas Administracións.

Considerando que a aprobación destes pactos ou acordos corresponde ó Pleno da Corporación Provincial en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 33.2 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 70.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, e en canto que a xurisprudencia reconece ós Pactos e Acordos natureza regulamentaria, por ter vocación ordenadora de situacións futuras desde unha previsión abstracta e xeral (STS do 14 de abril de 2000).

Considerando que para a aprobación desta modificación do I Convenio Colectivo de persoal laboral seguirase o procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril, é dicir aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para reclamacións e suxestións, de tal forma que se non se formula ningunha reclamación ou suxestión, enténdese aprobado definitivamente o acordo ata entón provisional.



Polo exposto, considerando o informe do Servizo de RRHH e Formación, a conformidade de Intervención e o ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade, a modificación do artigo 42 do I Convenio Colectivo de persoal laboral, que quedará redactado tal e como a continuación se detalla:

A antigüidade devengarase por trienios segundo o importe aplicable ó persoal funcionario do grupo de titulación equivalente ó grupo profesional do persoal laboral, quedando exceptuados aqueles traballadores que por dereitos adquiridos teñan recoñecida outra antigüidade.

O trienio consiste nunha cantidade igual para cada grupo profesional por cada tres anos de servizos nesta Deputación Provincial nunha determinada categoría profesional.

Se un traballador presta servizos sucesivamente en categorías de distintos grupos de clasificación, terá dereito a seguir percibindo os trienios devengados nos grupos anteriores.

Cando un traballador cambia de grupo profesional antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerárase como tempo de servizos prestados no novo grupo.

Aos efectos de perfeccionamento de trienios, computaranse todos os servizos prestados polo persoal laboral en calquera das Administracións públicas.

Ningún período poderá ser computado máis dunha vez aínda cando durante o mesmo a persoa traballadora houberse prestado servizos simultáneos nunha ou máis esferas da mesma Administración ou en Administracións públicas diferentes.

Calquera período de tempo de servizos que fose tido en consideración para determinar pensión de calquera natureza non pode ser novamente recoñecido a estes efectos.

O recoñecemento de servizos prestados producirá efectos a partir do mes seguinte ao da presentación da solicitude na sede electrónica da Deputación Provincial.

7.7799.- **APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO  
PRESENTADO POLO CONCELLO DE CERDEDO-**



**COTOBADE, DA ACTUACIÓN DENOMINADA  
“REFORMA INTEGRAL DA CASA DO CONCELLO DE  
CERDEDO-COTOBADE”, NO MARCO DO  
PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA  
PROVINCIA) (EXPTE. 2021039977)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao punto sétimo da orde do día. Aprobación do proxecto reformulado presentado polo Concello de Cerdedo-Cotobade, da actuación denominada reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade, no marco do programa Reacpon. Ten a palabra para a súa explicación o Sr. Santos Héctor.

Sr. Rodríguez Díaz.- Gracias Presidenta, bo día a todas e a todos. Como di o propio enunciado do título o Concello de Cerdedo-Cotobade no marco do proxecto Reacpon presentou o proxecto de reforma integral da Casa do Concello que conta un orzamento de investimento de 489.989,51 euros, tiña concedida unha subvención por parte da Deputación de Pontevedra de 391.991,61 euros, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 97.997,90 euros. En marzo deste ano o Concello presenta unha resolución da alcaldía declarando deserto o procedemento de licitación do contrato de obra, Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade, e un informe do Sr. Alcalde para aclarar que se fixo unha sondaxe informal entre varias empresas do sector para tratar de aclarar o motivo polo cal quedou deserta a licitación, chegando á conclusión que os prezos do proxecto non se axustaban á realidade actual e, polo tanto non cubrían o custo de realización das obras. O 26 do 4 de 2022 o Concello presenta un proxecto reformulado no que o orzamento aumenta en 424.193,99 euros, un 86,57% máis ata o importe de 914.183,50 euros. E tamén se adxunta a certificación do acordo do pleno municipal da aprobación do proxecto reformulado. Examinado o proxecto pola Comisión de persoas espertas do programa Reacpon, de data 8 de maio de 2022, acórdase que procede dar conformidade ó proxecto presentado tendo en conta que o cambio límitase ó incremento do orzamento sen verse alterados os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas pancas afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se ve modificada e tampouco varía o importe da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra de 391.991,61 euros, polo tanto o traemos para a súa aprobación.



Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font, perdón Sr. Santos. Vale, non habendo máis observacións someto a aprobación a aprobación do proxecto reformulado presentado polo Concello de Cerdedo-Cotobade, da actuación denominada “Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade, no marco do programa Reacpon (Reacciona Pontevedra Provincia) ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de CERDEDO-COTOBADA con destino á execución da actuación denominada “REFORMA INTEGRAL DA “CASA DO CONCELLO” DE CERDEDO-COTOBADA”, segundo o proxecto redactado no mes de abril de 2021 ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascendía a 489.989,51€ e a subvención concedida a 391.991,61€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 97.997,90€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2021007866 de 30/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/01/2022.
- Na data 31/03/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2022018437) unha Resolución da Alcaldía declarando deserto o procedemento de licitación do contrato de obra “REFORMA INTEGRAL DA “CASA DO CONCELLO” DE CERDEDO-COTOBADA” e un informe do Sr. Alcalde para aclarar que “se fixo unha sondaxe informal entre varias empresas do sector para tratar de aclarar o motivo polo cal quedou deserta a licitación, chegando á conclusión que os prezos do proxecto non se axustaban á realidade actual; e polo tanto non cubrían o custo da realización das obras.
- Na data 26/04/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2022025227) un proxecto reformulado do proxecto inicial (emendado o 05/05/2022 (Rexistro WEB2022028672) no que o orzamento aumenta 424.193,99€ (86,57%) ata o importe de 914.183,50€ e a certificación



do acordo do Pleno municipal de aprobación do proxecto reformulado.

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa REACPON na data 9 de maio de 2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que o cambio límitase ao incremento do orzamento, sen verse alterados os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Non varía o importe da subvención concedida.
- Na data 13/05/2022 a Intervención provincial informou favorablemente a modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no





Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).

- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación



da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

#### CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 22 de abril de 2022), redactado no mes de abril de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O concello asume o compromiso de cofinanciamento do aumento do orzamento do investimento (424.193,99€), incrementándose a achega municipal ata



522.191,89€ e manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:

Subvención Inicial		Subvención Definitiva	
Importe orzamento:	489.989,51€	Importe orzamento:	914.183,50€
Importe Subvención:	391.991,61€	Importe Subvención:	391.991,61€
Importe Cofinanciado:	97.997,90€	Importe Cofinanciado:	522.191,89€
% Subvención/orzamento:	80,00%	% Subvención/orzamento:	42,88%

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado tendo en conta que “o cambio límitase ao incremento do orzamento, sen verse alterados os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Non varía o importe da subvención concedida”.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 09/05/2022 (CSV: UCVZZWDPI1NRAG1Y), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 11/05/2022 (CSV: 2AXI6RYGWD2JZ02K), o informe de Intervención de 13/05/2022 (CSV: U2EL8DR02SU3MK43), e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 20/05/2022 (CSV: KX5H5P65GC96E8LF), o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o proxecto reformulado presentado polo Concello de Cerdedo-Cotobade da actuación “Reforma integral da “Casa do Concello” de Cerdedo-Cotobade”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Cerdedo-Cotobade, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.7800.- **APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE VALGA, DA ACTUACIÓN DENOMINADA “CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL E VÍA CICLABLE NO CONTORNO DA GÁNDARA DE CAMPAÑA. REHABILITACIÓN AMBIENTAL DO ÁMBITO”, NO MARCO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021039801)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó seguinte punto da orde do día, o punto 8. Aprobación do proxecto reformulado presentado polo Concello de Valga, da actuación denominada “Construcción de senda peonil e vía ciclable no contorno da Gándara de Campaña. Rehabilitación ambiental do ámbito”, no marco do programa Reacpon (Reacciona Pontevedra Provincia). Ten a palabra o Sr. Santos.

Sr. Rodríguez Díaz.- Gracias de novo Presidenta. Neste punto 8 o Concello de Valga no marco do programa Reacpon ten concedida unha subvención da Deputación de Pontevedra para a construción de senda peonil e vía ciclable no contorno da Gándara de Campaña, a rehabilitación ambiental tamén do ámbito, cun investimento de 500.915,47 euros, e a subvención concedida pola Deputación de Pontevedra de 425.778,15 euros, completándose este financiamento mediante unha achega municipal por importe de 75.137,32 euros. Debido que o ámbito do proxecto forma parte dun área moito maior que o Concello pretenda rexenerar con sucesivos proxectos complementarios, os cambios introducidos veñen motivados para permitir o encaixe destes proxectos futuros, os cambios sólo afectan aos trazados das sendas peonís e ciclables aumentando a superficie das peonís sen modificar o ámbito orixinal da actuación nin a finalidade do investimento nin o orzamento de licitación. Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do programa Reacpon, na data 9 do 5 de 2022. acordase que procede dar conformidade ó proxecto presentado tendo



en conta que non se altera o resto de aspectos baremables como os aspectos técnicos nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove. A puntuación resultante non resulta inferior respecto á obtida orixinalmente. Traemos tamén a aprobación deste pleno.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Santos. E non habendo máis peticións de palabra, sometemos a aprobación o punto 8. Aprobación do proxecto reformulado presentado polo Concello de Valga, da actuación denominada construción de senda peonil e vía ciclable no contorno da Gándara de Campaña. Rehabilitación ambiental do ámbito, no marco do programa Reacon. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Valga con destino á execución da actuación denominada “Construción de senda peonil e vía ciclable no contorno da Gándara de Campaña. Rehabilitación ambiental do ámbito”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de outubro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascende a 500.915,47€ e a subvención concedida a 425.778,15€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 75.137,32€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7<sup>a</sup>.2.h) do Programa ReacPon, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000142 de 13/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 20/01/2022.
- Debido a que o ámbito da intervención da actuación contemplada no proxecto de “Construción de senda peonil e vía ciclable no contorno da Gándara de Campaña. Rehabilitación ambiental do ámbito”, que aínda non está en proceso de licitación, situase na parte sur dos terreos que conforman a MINA PORTO



PIÑEIRO, na mesma parcela, pero nun ámbito de intervención distinto, o Concello ten redactado outro proxecto de recuperación e posta en valor da antiga mina, polo que, co fin de evitar solapes e interferencias á hora de levar a cabo as actuacións contempladas en ambos proxectos, o Concello considerou necesario facer un reformulado no proxecto subvencionado de “Construción de senda peonil e vía ciclable no contorno da Gándara de Campaña. Rehabilitación ambiental do ámbito”. En data 26/04/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2022025203, WEB2022025204), o referido proxecto reformulado, que mantén invariable o orzamento inicial (emendado en data 05/05/2022 (núms. rexistro WEB2022028632 e WEB2022028650), un informe asinado polo Sr. Alcalde e a certificación do Secretario da resolución da alcaldía de aprobación do proxecto reformulado.

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 09/05/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que “o ámbito do proxecto forma parte dunha área moito maior que o Concello pretende rexenerar con sucesivos proxectos complementarios. Os cambios introducidos veñen motivados para permitir o encaixe destes proxectos futuros. Os cambios só afectan aos trazados das sendas peonís e ciclables, aumentando a superficie das peonís, sen modificar o ámbito orixinal da actuación, nin a finalidade do investimento nin o orzamento de licitación.

Non se alteran o resto de aspectos baremables como os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin os principios Ágora que o proxecto promove. A puntuación resultante non resulta inferior respecto á obtida orixinalmente”.

- Na data 13/05/2022 a Intervención provincial informou favorablemente a modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da



Intervención para realizar esta función.

### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17<sup>a</sup> das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.





### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

### CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado por Resolución da alcaldía de data 22 de abril de 2022), redactado no mes de abril de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O orzamento de licitación do novo proxecto correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non modifican o ámbito orixinal da actuación, nin a finalidade do investimento, nin o orzamento de licitación, non resultando a puntuación inferior respecto á obtida orixinalmente.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 09/05/2022 (CSV: UCVZZWDPI1NRAG1Y), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 11/05/2022 (CSV: RKH5514ADN9Y6QPQ), o informe de Intervención de 13/05/2022 (CSV: UMYBSHGC2QODUTN6), e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza



e Cohesión Social de 20/05/2022 (CSV: H1HQMMG6VUFOU31Q), o Pleno acorda por unanimidade:

- APROBAR o proxecto reformulado presentado polo Concello de Valga da actuación “CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL E VÍA CICLABLE NO CONTORNO DA GÁNDARA DE CAMPAÑA. REHABILITACIÓN AMBIENTAL DO ÁMBITO”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Valga, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.7801.- **CONCESIÓN DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2022 (EXPTE. 2022037039)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao segundo punto, perdón ao noveno punto da orde do día. Concesión dun novo prazo para a presentación de proxectos técnicos no marco do Plan Concellos 22-23, anualidade 22. Ten a palabra o Sr. Santos Héctor.

Sr. Rodríguez Díaz.- Conforme dispoñen as bases e concretamente a número 12 do Plan Concellos 2022-2023, os concellos interesados deberían presentar a documentación necesaria para pedir as axudas no prazo de 3 meses a contar dende o día seguinte da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, se ben se contempla un período de emenda de 10 días hábiles a contar desde a data de recepción do requirimento. Entre a documentación técnico-administrativa que as entidades teñen que presentar consta a necesaria presentación dos proxectos técnicos, e dado o seu carácter intrinsecamente esencial a súa presentación no prazo establecido nas bases reguladoras constitúe un requisito esencial cuxo incumprimento conlevaría a imposibilidade de conceder as axudas. Non obstante esta natureza esencial e implícita dos proxectos técnicos non consta expresamente nas bases reguladoras o que para algunhas entidades solicitantes provocou erros interpretativos sobre a posibilidade de emendar a falta de presentación durante o período de emenda. Por elo, co fin de dotar de maior seguridade xurídica a tramitación administrativa, en beneficio de todos os interesados, considerase necesario en aras ó interese



público outorgar un novo prazo cara a presentación dos proxectos técnicos a fin de que as entidades locais poidan preparar adecuadamente os mesmos atendendo á complexidade dos contratos. Ademais debe terse en conta que no momento no que o Plan Concellos 2022-2023 entrou en vigor xa había unha situación de marcada complexidade debido ó encarecemento das materias primas. Polo tanto, propónse a este Pleno conceder un novo prazo de cara á presentación dos proxectos técnicos no marco do Plan Concellos 2022-2023 ata o 30 de xuño de 2022.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Santos. Non hai máis intervencións que a súa polo tanto vou a someter a votación o punto 9 da orde do día. Concesión dun novo prazo para a presentación de proxectos técnicos no marco do Plan Concellos 22-23 anualidade 22. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Consta no expediente o informe da xefa do Servizo de Cooperación, de data 18 de maio de 2022 (CSV: V56EAAL6IG5SMX45), que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do 26/11/2021, aprobou as “Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” (en adiante Plan Concellos 2022-2023) co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas (publicadas no BOPPO núm. 230 de 27 de novembro de 2021).

As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, turísticos..) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

Segundo.- Conforme ao disposto na base 12ª do Plan, os Concellos interesados deberían presentar para cada liña a documentación que se sinala na referida base no prazo de tres meses a contar desde o día seguinte da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO e na Base de Datos Nacional de



Subvencións (BDNS), se ben se contempla un período de emenda de dez (10) días hábiles a contar desde a data de recepción do requirimento.

Terceiro.- Entre a documentación técnico-administrativa que as entidades teñen que presentar, consta a necesaria presentación dos proxectos técnicos. Dado o seu carácter intrinsecamente esencial, a súa presentación no prazo establecido nas bases reguladoras constitúe un requisito esencial, cuxo incumprimento conlevaría a imposibilidade de conceder as axudas. Non obstante, esta natureza esencial e implícita dos proxectos técnicos non consta expresamente nas bases reguladoras, o que para algunhas entidades solicitantes provoca erros interpretativos sobre a posibilidade de emendar a falta de presentación durante o período de emenda.

Cuarto.- Por elo, co fin de dotar de maior seguridade xurídica á tramitación administrativa en beneficio de todos os interesados, considérase necesario, en aras do interese público, outorgar un novo prazo cara a presentación dos proxectos técnicos a fin de que as entidades locais poidan preparar adecuadamente os mesmos atendendo á complexidade dos contratos. Hase de ter en conta que no momento no que o Plan Concellos 2022-2023 entrou en vigor xa había una situación de marcada complexidade debido ao encarecemento das materias primas. A isto hai que engadir que o lexislador estatal, en cumprimento de compromisos comunitarios, ditou ata tres decretos lei (hoxe validados), o RD-Lei 3/2022, de 1 de marzo, RD-Lei 4/2022, de 15 de marzo, e RD-Lei 6/2022 de 29 de marzo, para facer fronte a un escenario de enorme volatilidade nos prezos, o que obviamente incide en todos os operadores económicos do sector públicos implicados.

Quinto.- A concesión deste período extraordinario non só non afecta ao obxectivo final deste marco de axudas, definido na bases reguladoras, e cuxo impacto final na economía local é moi significativo, senón que ademais se revela como o mecanismo máis eficaz e necesario para garantir tanto o respecto aos principios de igualdade e non discriminación, como o de eficiencia e responsabilidade na xestión dos recursos públicos, tal e como sinalan os artigos 7 e 8 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a



ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable. As subvencións outorgadas pola Deputación ao abeiro da Liña 1 están vinculadas a un proxecto de obra, e a descrición que nel se fai das actuacións delimitan a finalidade subvencionable.

2º.- A recente STS de 5/11/2019 co (RC 6806/2018) confirma a xurisprudencia da Sala Terceira do Tribunal Supremo que declara o carácter antiformalista e pro actione en orde á admisión das solicitudes administrativas que xa declarou nas SSTS nº 1862/2018, de 20 de decembro (RC 369/2018) e nº 1342/2018, de 19 de xullo (RC 3662/2017).

Acorde co principio antiformalista que inspira o ordenamento, podemos evidenciar que non hai inconveniente para admitir unha interpretación ampla do inciso final do artigo 68 da LPAC que permita entender que salvo cando concorran outros intereses obxecto de protección e mentres non teña lugar a declaración expresa da desistencia nos termos do artigo 21, o solicitante pode achegar os proxectos e presentar a documentación preceptiva, dando lugar á tramitación do procedemento.

3º.- Ademais, a base 9ª do Plan Concellos 2022-2023 establece que o procedemento de concesión destas axudas é o de concorrencia non competitiva, de forma que as solicitudes presentadas polas entidades municipais non son obxecto de comparación nin prelación entre elas. Deste modo, a concesión dun novo prazo para a presentación de proxectos non prexudica ao resto dos Concellos da provincia, que igualmente se benefician destas subvencións baseadas no principio de cooperación e equilibrio territorial.

4º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a afrontar un problema de carácter conxuntural que está a provocar retrasos nos tempos de entrega da documentación técnica.

5º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, en canto ao exercicio da



súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A concesión dun novo prazo supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar as novas circunstancias, e é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no Boletín Provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes.

6º.- Para a modificación das bases, de conformidade coa base 2ª do Plan Concellos 2022-2023, rexeirá o establecido ao respecto no artigo 33.2.d) e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 abril, e demais normativa aplicable, é dicir, que se segue o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, polo que se realiza unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

#### CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse conceder un novo prazo cara a presentación dos proxectos técnicos, no marco do Plan Concellos 2022-2023, ata o 30 de xuño de 2022.”

